Piden a derrogación da lexislación ‘anti-terrorista’

SERMOS GALIZA :: 09/10/2014

Familiares, amigos y amigas de pres@s independentistas piden se deroge la ley antiterrorista

Galego

Familiares e amigos das e dos presos independentistas galegos exixiron a **derrogación da lexislación anti-terrorista** por entender que a mesma “provoca o desamparo xudicial e a indefensión das persoas detidas”. Unha petición realizada a través da plataforma Que Voltem a Casa e argumentada, entre outros, nos posicionamentos existentes a nivel internacional. A demanda volve a primeiro plano após a detención a pasada sexta feira en Compostela de Raúl Agulheiro, acusado de pertenza a Resistencia Galega.

“Existe un consenso entre os organismos de Direitos Humanos das Nacións Unidas en canto a que a detención incomunicada debería estar prohibida”, apuntan. É esta unha situación na que a persoa detida pode estar até 120 horas sen ser posto a disposición xudicial, sen ter dereito a informar a unha terceira persoa da súa situación nin paradeiro, sen poder designar avogado nin medico...

Desde esta plataforma tamén se pediu a activación de “todos aqueles mecanismos xurisdicionais e **protocolos que garantan a integridade física e psicolóxica das persoas durante as detencións**”, así como a “**derrogación da xurisdición excepcional da Audiencia Nacional** e o xuízo das persoas procesadas por un tribunal territorial ordinario.

O traslado dos presos e presas independentistas galegas a un centro penal situado na Galiza e o posicionamento “explícito, claro e inequívoco das organizacións políticas galegas en contra da política penal” aplicada aos presos son outras das reivindicacións do colectiv

Castellano

Familiares y amigos de las y de los presos independentistas galegos exigieron este miércoles la derogación de la legislación anti-terrorista por entender que la misma “provoca el desamparo judicial y la indefensión de las personas detenidas”. Una petición realizada a través de la plataforma Que Voltem a Casa y argumentada, entre otros, en las posturas existentes a nivel internacional. La demanda vuelve al primer plano después de la detención el pasado viernes en Compostela de Raul Agulheiro, acusado de pertenencia a Resistencia Galega. “Existe un consenso entre los organismos de Derechos Humanos de las Naciones Unidas en cuanto a que la detención incomunicada debería estar prohibida”, señalan. Es este una situación en la que la persona detenida puede estar hasta 120 horas sin ser puesto a disposición judicial, sin tener derecho a informar a una tercera persona de su situación ni paradero sin poder designar abogado ni médico... Desde esta plataforma también se pidió la

activación de “todos aquellos mecanismos jurisdiccionales y protocolos que garanticen la integridad física y psicológica de las personas durante las detenciones”, así como la “derogación de la jurisdicción excepcional de la Audiencia Nacional y el juicio de las personas procesadas por un tribunal territorial ordinario. El traslado de presos y presas independentistas galegas a un centro penal situado en Galiza y el posicionamiento “explícito, claro e inequívoco de las organizaciones políticas galegas en contra de la política penal” aplicada a los presos son otras de las reivindicaciones del colectivo.

_____

https://galiza.lahaine.org/piden-a-derrogacion-da-lexislacion